

Orde do 13 de maio de 2005 pola que se ditan instrucións para consignar as cualificacións da educación secundaria obrigatoria nos documentos oficiais de avaliación.

O Boletín Oficial del Estado do 29 de maio de 2004 publicou o Real decreto 1318/2004, do 28 de maio, polo que se modifica o Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación. Aquela norma apraza para o curso 2006-2007 a implantación da nova ordenación das ensinanzas da educación secundaria obrigatoria reguladas pola citada lei, agás no referente ás medidas que foran anticipadas e que no caso da nosa comunidade son as que figuran na Orde do 25 de agosto de 2003, pola que se ditan instrucións para a aplicación na educación secundaria obrigatoria do establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 827/2003 (DOG do 15 de setembro), e na Orde do 30 de setembro de 2004, sobre avaliación, promoción e titulación na educación secundaria obrigatoria como consecuencia do disposto no Real decreto 1318/2004, do 28 de maio (DOG do 22 de outubro).

Esta orde ten por obxecto ditar as correspondentes instrucións para cubrir os expedientes académicos e os libros de escolaridade da ensinanza básica na etapa da educación secundaria obrigatoria.

En consecuencia, en virtude do establecido nas disposicións derradeira primeira do Decreto 78/1993, derradeira primeira do Decreto 233/2002 e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1318/2004, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta orde ten por finalidade ditar instrucións para cubrir os expedientes académicos da educación secundaria obrigatoria e os libros de escolaridade da ensinanza básica, e será de aplicación en todos os centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas de educación secundaria obrigatoria.

Artigo 2º.-Expediente académico.

1. Os expedientes académicos do alumnado formalizaranse trar a celebración da sesión de avaliación extraordinaria segundo o modelo que se establece no anexo I.

2. Os resultados das sesións de avaliación das materias pendentes que se establecen no punto 2 do artigo 6 da Orde do 30 de setembro de 2004 deberanse reflectir cada ano escolar no expediente académico do alumno.

3. A cualificación de cada materia rexistrárase recollendo en primeiro lugar a súa expresión numérica, separada por «/» da cualitativa correspondente.

Artigo 3º.-Libros de escolaridade da ensinanza básica.

1. Os libros de escolaridade do ensino básico derivados da Orde ministerial do 30 de outubro de 1992, pola que se establecen os elementos básicos dos informes de avaliación das ensinanzas de réxime xeral reguladas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, así como os

requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos, cubriranse axustándose ao modelo que se establece no anexo II e as instrucións específicas que se indican a continuación.

2. A cualificación de cada materia rexistrárase recollendo en primeiro lugar a súa expresión numérica, separada por «/» da cualitativa correspondente.

3. As cualificacións do primeiro curso e a decisión de promoción ao segundo consignaranse nos espazos non utilizados da páxina 29 e posteriores do libro de escolaridade.

4. As cualificacións dos cursos segundo, terceiro e cuarto consignaranse nas páxinas 20, 22 e 24 do libro de escolaridade, respectivamente. As cualificacións destes cursos que se deriven de repeticións, consignaranse, de ser preciso, nas páxinas en branco.

5. As cualificacións das materias pendentes consignaranse nas páxinas nas que se recolla a decisión de promoción para o curso seguinte ao que pertencen esas materias ou, no caso de que ese espazo sexa insuficiente, nos non utilizados da páxina 29 e posteriores do libro de escolaridade, axustándose aos formatos que se establecen no anexo II, agás no número de filas da táboa, que será igual ao de materias pendentes que se consignan.

6. No cadro da páxina 27, no que se reflicte a acreditación da avaliación e que se cubrirá á finalización da escolarización obrigatoria, deberase consignar a cualificación correspondente á derradeira avaliación final de cada unha das materias de cada curso da etapa. Cando un alumno non se presente á proba extraordinaria dunha materia, deberase consignar a cualificación outorgada na sesión final de avaliación ordinaria.

7. O número máximo de páxinas en branco dos libros de escolaridade do ensino básico será de dez.

Artigo 4º.-Libro de escolaridade complementario da ensinanza básica.

1. Cando non existan páxinas suficientes no libro de escolaridade procederase ao seu peche e á apertura dun novo, no que se cubrirán as cualificacións de acordo co que se establece no artigo anterior.

Este libro terá carácter complementario e solicitarase á delegación provincial correspondente, segundo o procedemento establecido na Orde do 25 de outubro de 1996 (DOG do 26 de novembro), pola que se ditan instrucións sobre o procedemento e rexistro do libro de escolaridade do ensino básico, facendo mención ao carácter complementario do libro que se solicita.

2. Nos libros de escolaridade figurarán as seguintes dilixencias de peche e apertura, que serán asinadas polo secretario do centro co visto e prace do director.

a) Na páxina 4 do libro de escolaridade que se pecha: «Dilixencia para facer constar que este libro de escolaridade péchase na data con motivo da apertura dun novo libro, número, no que se lles dá continuidade aos datos aquí consignados. A información contida en ambos ten plena validez, condicionada á presentación conxunta dos dous libros».

b) Na páxina 4 do novo libro de escolaridade: «Dilixencia para facer constar que este libro de escolaridade ábrese na data con motivo do peche do libro, con número, ao que se lles dá continuidade cos datos

aquí consignados. A información contida en ambos ten plena validez, condicionada á presentación conxunta dos dous libros».

3. No libro de escolaridade que se pecha deberanse anular todas as páxinas pertencentes á educación secundaria obrigatoria que non foran utilizadas, agás a páxina 28, que deberá cubrirse no momento da entrega do libro ao alumno.

No libro de escolaridade que se abre deberanse anular todas as páxinas anteriores á 28 que xa foran cubertas no libro que se pecha. No caso do alumnado que estea a repetir curso non se anulará a páxina correspondente a ese curso.

A anulación dun espazo realizarase cubríndoo desde o ángulo inferior esquerdo ata o ángulo superior dereito coa palabra «INUTILIZADO». Ademais, cando non se trate dunha páxina completa, deberase trazar previamente un recadro que enmarque o espazo que se anula.

Artigo 5º.-Incorporación de estampiñas adhesivas aos libros de escolaridade.

1. Poderanse incorporar aos libros de escolaridade estampiñas adhesivas que deberán ser impresas por medios mecánicos ou informáticos.

2. As estampiñas adhesivas deberán ter 14 cm de ancho e unha altura máxima de 18,5 cm, e incluír como elemento de seguridade o escudo oficial de Galicia, en relevo e sen cor nin debuxo, de 10 mm de ancho e 14 mm de alto, e situado a unha distancia de 10 mm da marxe esquerda da estampiña e de 10 mm da marxe superior desta.

3. Na incorporación de estampiñas adhesivas aos libros de escolaridade deberanse tomar, como mínimo, as seguintes cautelas coas que garantir a súa autenticidade:

a) Colocación no libro de escolaridade de xeito que permaneza visible a súa numeración perforada.

b) Selo do centro educativo, situado de xeito que parte del estea sobre a estampiña e parte sobre páxinas orixinais do libro de escolaridade.

c) Sobre o selo anterior, sinatura do secretario, ocupando tamén parcialmente a estampiña e follas orixinais do libro.

Artigo 6º.-Rexistro dos resultados da avaliación do alumnado con adaptacións curriculares.

Nas actas de avaliación final, no expediente académico e no libro de escolaridade do alumnado que teña autorizadas adaptacións curriculares conforme establece a sección segunda da Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG do 7 de novembro), deberase consignar a cualificación de cada materia, acompañada de «AC», resultante da avaliación das aprendizaxes con relación aos obxectivos establecidos con carácter xeral cando esta sexa positiva. En caso contrario, consignarase a expresión «Adaptación curricular» no expediente e no libro de escolaridade e «AC» na acta de avaliación, sen cualificación numérica, considerándose para efectos de promoción e titulación que non é unha cualificación positiva.

O grao de consecución dos obxectivos específicos da adaptación curricular recollerase nas observacións das actas de avaliación, no expediente académico do alumno

consignando «AC» e a cualificación numérica correspondente na columna AC, e no libro de escolaridade na páxina 19 conforme se establece no punto 2 do artigo 10 da citada Orde do 6 de outubro de 1995.

Disposicións adicionais

Primeira.-Alumnado con decisión de non permanencia no réxime ordinario.

Cando, pola aplicación do punto 2 do artigo 4 da Orde do 30 de setembro de 2004, se adopte a decisión excepcional de non permanencia no réxime ordinario, deberase consignar esta circunstancia na páxina 26 do libro de escolaridade mediante a seguinte dilixencia que será asinada polo secretario do centro: «dilixencia para facer constar que con data adoptouse a decisión excepcional de non permanencia no réxime ordinario, en aplicación do artigo 21 da Lei orgánica 10/2002».

Segunda.-Modificacións doutras normas.

1. No artigo 20 da Orde do 16 de marzo de 2001, pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos (DOG do 11 de abril), relativo aos prazos para a formalización da matrícula, substitúese o texto «Do 25 de xuño ao 10 de xullo para os alumnos de educación secundaria obrigatoria» polo seguinte: «Do 25 de xuño ao 10 de xullo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que se incorpore á etapa ou que após a sesión de avaliación ordinaria teña superadas todas as materias e do 1 ao 10 de setembro para o resto do alumnado desa etapa».

2. Substitúese o anexo II da Orde do 19 de maio de 1997 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria (DOG do 6 de xuño), relativo ao expediente académico do alumnado que curse eses programas, polas páxinas correspondentes que figuran nos anexos I e II desta orde.

Disposición derogatoria

Única.

1. Derróganse os puntos 2 e 3 do artigo 5 da Orde do 1 de xullo de 2002 pola que se adapta o disposto na Orde do 19 de xuño de 1996, pola que se regula a implantación da educación secundaria obrigatoria, ao Decreto 233/2002, do 6 de xuño, polo que se modifica o Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 31 de xullo de 2002).

2. Quedan derogadas as normas de igual rango ou inferior que se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Desenvolvemento.

Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa para ditar cantas disposicións sexan precisas para a aplicación do disposto nesta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Modelo de expediente académico

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

CENTRO.....

EXPEDIENTE ACADÉMICO DO/A ALUMNO/A

Data da matrícula	Nº de expediente
DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A	
APELIDOS.....	NOME
Data de nacemento	Lugar.....
Provincia.....	País.....
Domicilio.....	Nacionalidade
Nome do pai ou titor.....	Teléfono
Nome da nai ou titora.....	

ANTECEDENTES DE ESCOLARIZACIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA OBRIGATORIA					
Nome do centro	Localidade	Provincia	Anos académicos	Ciclos	Cursos

DATOS MÉDICOS OU PSICOPEDAGÓXICOS RELEVANTES
Se existe avaliación das necesidades educativas específicas e proposta curricular, ou avaliación psicopedagóxica e proposta curricular para diversificación, xuntarase a este expediente

CAMBIOS DE DOMICILIO	
Domicilio.....	Teléfono
Domicilio.....	Teléfono
Domicilio.....	Teléfono

Con data do.....	trasládase ao centro
Localidade.....	Provincia

EXPEDIENTE ACADÉMICO

RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE 1º CURSO			
CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS			
ÁREAS	ORDINARIA	EXTRAORDINARIA	(2) A.C.
	(1) CUALIFICACIÓNS	(1) CUALIFICACIÓNS	
Ciencias da natureza			
Ciencias sociais, xeografía e historia			
Educación física			
Educación plástica e visual			
Lingua castelá e literatura			
Lingua galega e literatura			
Lingua estranxeira (3) _____			
Matemáticas			
Tecnoloxía			
Optativa (4) _____			
Relixión (opcional)			

Data da sesión de avaliación: _____ Data da sesión de avaliación: _____

Na última sesión de avaliación de data _____ decidiuse:

a promoción do alumno/a ao 2º curso de Educación Secundaria Obrigatoria.

a repetición de curso

(5) outras medidas

Visto e prace
O/A director/a _____ O/A secretario/a _____

Asinado: _____ Asinado: _____

Observacións :

- (1) Consignaranse en termos de Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable ou Sobresaliente, coa cualificación numérica correspondente.
- (2) Indicaranse con AC as áreas que foron obxecto de adaptacións curriculares autorizadas, xunto coa cualificación numérica correspondente ao grao de consecución dos obxectivos específicos de cada adaptación, e con RE as que foron obxecto de reforzo educativo.
- (3) Consignarase o idioma cursado polo alumno.
- (4) Consignarase a optativa cursada polo alumno.
- (5) Indicar no apartado Observacións a decisión que se adopta.

EXPEDIENTE ACADÉMICO

RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE 1º CURSO		
CUALIFICACIÓN OBTIDAS NAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS		
ÁREAS	ORDINARIA (1) CUALIFICACIÓN	EXTRAORDINARIA (1) CUALIFICACIÓN
		(2) A.C.
Ciencias da natureza		
Ciencias sociais, xeografía e historia		
Educación física		
Educación plástica e visual		
Lingua castelá e literatura		
Lingua galega e literatura		
Lingua estranxeira (3)		
Matemáticas		
Tecnoloxía		
Optativa (4)		
Relixión (opcional)		
Data da sesión de avaliación: _____ Data da sesión de avaliación: _____		
Visto e prace O/A directora		
O/A secretario/a		
Asinado: _____ Asinado: _____		
Observacións :		

(1) Consignarase en termos de Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable ou Sobresaliente, coa cualificación numérica correspondente.
 (2) Indicarase con AC as áreas que foron obxecto de adaptacións curriculares autorizadas, xunto coa cualificación numérica correspondente ao grao de consecución dos obxectivos específicos de cada adaptación, e con RE as que foron obxecto de reforzo educativo.
 (3) Consignarase o idioma cursado polo alumno.
 (4) Consignarase a optativa cursada polo alumno.

RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE 2º CURSO		
CUALIFICACIÓN OBTIDAS NAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS		
ÁREAS	ORDINARIA (1) CUALIFICACIÓN	EXTRAORDINARIA (1) CUALIFICACIÓN
		(2) A.C.
Ciencias da natureza		
Ciencias sociais, xeografía e historia		
Educación física		
Música		
Lingua castelá e literatura		
Lingua galega e literatura		
Lingua estranxeira (3)		
Matemáticas		
Tecnoloxía		
Optativa (4)		
Relixión (opcional)		
Data da sesión de avaliación: _____ Data da sesión de avaliación: _____		
Na última sesión de avaliación de data _____ decidíuse:		
<input type="checkbox"/> a promoción do alumno/a ao 3º curso de Educación Secundaria Obligatoria.		
<input type="checkbox"/> a repetición de curso		
<input type="checkbox"/> (5) outras medidas		
Visto e prace O/A directora		
O/A secretario/a		
Asinado: _____ Asinado: _____		
Observacións :		

(1) Consignarase en termos de Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable ou Sobresaliente, coa cualificación numérica correspondente.
 (2) Indicarase con AC as áreas que foron obxecto de adaptacións curriculares autorizadas, xunto coa cualificación numérica correspondente ao grao de consecución dos obxectivos específicos de cada adaptación, e con RE as que foron obxecto de reforzo educativo.
 (3) Consignarase o idioma cursado polo alumno.
 (4) Consignarase a optativa cursada polo alumno.
 (5) Indicar no apartado Observacións a decisión que se adopta.

EXPEDIENTE ACADÉMICO

RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE 2º CURSO		
CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS		
ÁREAS	ORDINARIA (1) CUALIFICACIÓNS	EXTRAORDINARIA (1) CUALIFICACIÓNS
Ciencias da natureza		
Ciencias sociais, xeografía e historia		
Educación física		
Música		
Lingua castelá e literatura		
Lingua galega e literatura		
Lingua estranxeira (3)		
Matemáticas		
Tecnoloxía		
Oplativa (4)		
Relixión (opcional)		
Data da sesión de avaliación: _____ Data da sesión de avaliación: _____		
Visto e prace O/A director/a		
O/A secretario/a		
Asinado: _____ Asinado: _____		
Observacións :		

- (1) Consignarase en termos de Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable ou Sobresaliente, coa cualificación numérica correspondente.
- (2) Indicarase en AC as áreas que foron obxecto de adaptacións curriculares autorizadas, xunto coa cualificación numérica correspondente ao grao de consecución dos obxectivos específicos de cada adaptación, e con RE as que foron obxecto de reforzo educativo.
- (3) Consignarase o idioma cursado polo alumno.
- (4) Consignarase a optativa cursada polo alumno.

EXPEDIENTE ACADÉMICO

RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE 3º CURSO		
CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS		
ÁREAS	ORDINARIA (1) CUALIFICACIÓNS	EXTRAORDINARIA (1) CUALIFICACIÓNS
Bioloxía e xeoloxía		
Física e química		
Ciencias sociais, xeografía e historia		
Educación física		
Educación plástica e visual		
Música		
Lingua castelá e literatura		
Lingua galega e literatura		
Lingua estranxeira (3)		
Matemáticas		
Tecnoloxía		
Oplativa (4)		
Relixión (opcional)		
Data da sesión de avaliación: _____ Data da sesión de avaliación: _____		
Na última sesión de avaliación de data _____ decidíuse:		
<input type="checkbox"/> a promoción do alumno/a ao 4º curso de Educación Secundaria Obligatoria.		
<input type="checkbox"/> a repetición de curso		
<input type="checkbox"/> (5) outras medidas		
Visto e prace O/A director/a		
O/A secretario/a		
Asinado: _____ Asinado: _____		
Observacións :		

- (1) Consignarase en termos de Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable ou Sobresaliente, coa cualificación numérica correspondente.
- (2) Indicarase en AC as áreas que foron obxecto de adaptacións curriculares autorizadas, xunto coa cualificación numérica correspondente ao grao de consecución dos obxectivos específicos de cada adaptación, e con RE as que foron obxecto de reforzo educativo.
- (3) Consignarase o idioma cursado polo alumno.
- (4) Consignarase a optativa cursada polo alumno.
- (5) Indicar no apartado Observacións a decisión que se adopta.

EXPEDIENTE ACADÉMICO

RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE 3º CURSO	
CUALIFICACIÓNS ORTIDAS NAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS	
ÁREAS	ORDINARIA (1) CUALIFICACIÓNS EXTRAORDINARIA (2) A.C.
Bioloxía e xeoloxía	
Física e química	
Ciencias sociais, xeografía e historia	
Educación física	
Educación plástica e visual	
Música	
Lingua castelá e literatura	
Lingua galega e literatura	
Lingua estranxeira (3)	
Matemáticas	
Tecnoloxía	
Optativa (4)	
Relixión (opcional)	
Viso e prace O/A director/a	O/A secretario/a
Asinado:	Asinado:
Observacións :	

- (1) Consignáranse en termos de Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable ou Sobresaliente, coa cualificación numérica correspondente.
- (2) Indícanse con AC as áreas que foron obxecto de adaptacións curriculares autorizadas, xunto coa cualificación numérica correspondente ao grao de consecución dos obxectivos específicos de cada adaptación, e con RE as que foron obxecto de reforzo educativo.
- (3) Consignáranse o idioma cursado polo alumno.
- (4) Consignáranse a optativa cursada polo alumno.

EXPEDIENTE ACADÉMICO

RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE 4º CURSO	
CUALIFICACIÓNS ORTIDAS NAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS	
ÁREAS	ORDINARIA (1) CUALIFICACIÓNS EXTRAORDINARIA (2) A.C.
Bioloxía e xeoloxía	
Física e química	
Xeografía e historia	
Ética	
Educación física	
Educación plástica e visual	
Lingua castelá e literatura	
Lingua galega e literatura	
Lingua estranxeira (3)	
Matemáticas	
Música	
Tecnoloxía	
1ª Optativa (4)	
2ª Optativa (4)	
Relixión (opcional)	
Viso e prace O/A director/a	O/A secretario/a
Asinado:	Asinado:
Observacións:	

Na última sesión de avaliación de data _____ decidíuse:

propor a alumno/a para a expedición do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria.

a repetición de curso

(5) outras medidas

Viso e prace O/A director/a

O/A secretario/a

Asinado: _____ Asinado: _____

Data da sesión de avaliación: _____ Data da sesión de avaliación: _____

Con esta data o alumno/a finalizou, neste centro a súa escolaridade obrigatoria, facéndolle entrega do libro de escolaridade, no que se acreditan os resultados da avaliación na Educación Secundaria Obligatoria e os anos cursados.

- (1) Consignáranse en termos de Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable ou Sobresaliente, coa cualificación numérica correspondente.
- (2) Indícanse con AC as áreas que foron obxecto de adaptacións curriculares autorizadas, xunto coa cualificación numérica correspondente ao grao de consecución dos obxectivos específicos de cada adaptación, e con RE as que foron obxecto de reforzo educativo.
- (3) Consignáranse o idioma cursado polo alumno.
- (4) Consignáranse a optativa cursada polo alumno.
- (5) Indicar no apartado Observacións a decisión que se adopta.

EXPEDIENTE ACADÉMICO

RESULTADOS DA AVALIACIÓN DO 1º ANO DO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR		
CUALIFICACIONES OBTIDAS NAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS		
ÁREAS	ORDINARIA	EXTRAORDINARIA
	(1) CUALIFICACIONES	(1) CUALIFICACIONES
Área do ámbito científico (3)		(2) A.C.
Área do ámbito lingüístico e social (4)		
Área de lingua estranxeira (5)		
Tecnoloxía		
Educación física		
Educación plástica e visual		
Opciativa (6)		
Relixión (opcional)		
Data da sesión de avaliación: _____ Date da sesión de avaliación: _____		
Visto e prace O/A director/a		
O/A secretario/a		
Asinado: _____ Asinado: _____		

Observacións:

- (1) Consignarase en termos de insuficiente, Suficiente, Ben, Notable ou Sobresaliente, coa cualificación numérica correspondente.
- (2) Indicarase con AC as áreas que foron obxecto de adaptacións curriculares autorizadas, xunto coa cualificación numérica correspondente ao grao de consecución dos obxectivos específicos de cada adaptación, e con RE as que foron obxecto de reforzo educativo.
- (3) Áreas de referencia: bioloxía e xeoloxía, física e química, matemáticas.
- (4) Áreas de referencia: ciencias sociais, xeografía e historia, lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura.
- (5) Consignarase o idioma cursado polo alumno.
- (6) Consignarase a optativa cursada polo alumno.

EXPEDIENTE ACADÉMICO

RESULTADOS DA AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DO 1º ANO DO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR		
CUALIFICACIONES OBTIDAS NAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS		
ÁREAS	ORDINARIA	EXTRAORDINARIA
	(1) CUALIFICACIONES	(1) CUALIFICACIONES
Área do ámbito científico (3)		(2) A.C.
Área do ámbito lingüístico e social (4)		
Área de lingua estranxeira (5)		
Tecnoloxía		
Educación física		
Educación plástica e visual		
Opciativa (6)		
Relixión (opcional)		
Data da sesión de avaliación: _____ Date da sesión de avaliación: _____		
Visto e prace O/A director/a		
O/A secretario/a		
Asinado: _____ Asinado: _____		

Observacións:

- (1) Consignarase en termos de Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable ou Sobresaliente, coa cualificación numérica correspondente.
- (2) Indicarase con AC as áreas que foron obxecto de adaptacións curriculares autorizadas, xunto coa cualificación numérica correspondente ao grao de consecución dos obxectivos específicos de cada adaptación, e con RE as que foron obxecto de reforzo educativo.
- (3) Áreas de referencia: bioloxía e xeoloxía, física e química, matemáticas.
- (4) Áreas de referencia: ciencias sociais, xeografía e historia, lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura.
- (5) Consignarase o idioma cursado polo alumno.
- (6) Consignarase a optativa cursada polo alumno.

EXPEDIENTE ACADÉMICO

RESULTADOS DA AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR DUN ANO	
CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS	
ÁREAS	ORDINARIA (1) CUALIFICACIÓNS
Áreas do ámbito científico (3)	EXTRAORDINARIA (1) CUALIFICACIÓNS
Área do ámbito lingüístico e social (4)	(2) A.C.
Área de lingua estranxeira (5)	
(6)	
(6)	
(6)	
Optativa (7)	
Relixión (opcional)	

Data da sesión de avaliación: _____ Data da sesión de avaliación: _____

Na última sesión de avaliación de data _____ decidiuse:
 proporher ao alumno/a para a expedición do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria.
 outras medidas

Con esta data o alumno/a finalizou neste centro a súa escolaridade obrigatoria. Realízalle entrega do libro de escolaridade, no que se recollen os resultados da avaliación na Educación Secundaria Obligatoria e os anos cursados.

Visto e prace O/A director/a O/A secretario/a O/A secretario/a

Asinado: _____ Asinado: _____ Asinado: _____

Observacións:

- (1) Consignarase en termos de Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable ou Sobresaliente, coa cualificación numérica correspondente.
- (2) Indicarase con AC as áreas que foron obxecto de adaptacións curriculares autorizadas, xunto coa cualificación numérica correspondente ao grao de consecución dos obxectivos específicos de cada adaptación, e con RE as que foron obxecto de reforzo educativo.
- (3) Áreas de referencia: xeografía e historia, física e química, matemáticas.
- (4) Áreas de referencia: xeografía e historia, física e química, matemáticas.
- (5) Consignarase as materias cursadas polo alumno co grupo de referencia.
- (6) Consignarase a optativa cursada polo alumno.
- (7) Indicar no apartado Observacións a decisión que se adopta.
- (8) Indicar no apartado Observacións a decisión que se adopta.

EXPEDIENTE ACADÉMICO

RESULTADOS DA AVALIACIÓN DO 2º ANO DO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR	
CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS	
ÁREAS	ORDINARIA (1) CUALIFICACIÓNS
Área do ámbito científico (3)	EXTRAORDINARIA (1) CUALIFICACIÓNS
Área do ámbito lingüístico e social (4)	(2) A.C.
Área de lingua estranxeira (5)	
Tecnoloxía	
Educación física	
Música	
Optativa (6)	
Relixión (opcional)	

Data da sesión de avaliación: _____ Data da sesión de avaliación: _____

Na última sesión de avaliación de data _____ decidiuse:
 proporher ao alumno/a para a expedición do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria.
 outras medidas

Con esta data o alumno/a finalizou neste centro a súa escolaridade obrigatoria. Realízalle entrega do libro de escolaridade, no que se recollen os resultados da avaliación na Educación Secundaria Obligatoria e os anos cursados.

Visto e prace O/A director/a O/A secretario/a O/A secretario/a

Asinado: _____ Asinado: _____ Asinado: _____

Observacións:

- (1) Consignarase en termos de Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable ou Sobresaliente, coa cualificación numérica correspondente.
- (2) Indicarase con AC as áreas que foron obxecto de adaptacións curriculares autorizadas, xunto coa cualificación numérica correspondente ao grao de consecución dos obxectivos específicos de cada adaptación, e con RE as que foron obxecto de reforzo educativo.
- (3) Áreas de referencia: bioloxía e xeoloxía, física e química, matemáticas.
- (4) Áreas de referencia: xeografía e historia, física e química, matemáticas.
- (5) Consignarase o idioma cursado polo alumno.
- (6) Consignarase a optativa cursada polo alumno.
- (7) Indicar no apartado Observacións a decisión que se adopta.

ANEXO II

Adaptacións no libro de escolaridade

**RESULTADOS DE LA EVALUACIÓN
RESULTADOS DA AVALIACIÓN**

**PRIMER CURSO DE LA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA
PRIMEIRO CURSO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

El alumno/a

O alumno/a.....

ha obtenido, en el primer curso de la Educación Secundaria Obligatoria, los siguientes resultados:

obtivo, no primeiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria, os seguintes resultados:

ÁREAS	CALIFICACIONES / CUALIFICACIÓN	
	Ordinaria	Extraordinaria
Ciencias de la naturaleza / <i>Ciencias da natureza</i>		
Ciencias sociales, geografía e historia / <i>Ciencias sociais, xeografía e historia</i>		
Educación física / <i>Educación física</i>		
Educación plástica y visual / <i>Educación plástica e visual</i>		
Lengua castellana y literatura / <i>Lingua castelá e literatura</i>		
Lengua gallega y literatura / <i>Lingua galega e literatura</i>		
Lengua extranjera / <i>Lingua estranxeira -</i>		
Matemáticas / <i>Matemáticas</i>		
Tecnología / <i>Tecnoloxía</i>		
Optativa:		
Religión / <i>Relixión</i>		

....., de de

Vº Bº EL/LA DIRECTOR/A,
Visto e prace O/A DIRECTOR/A,

EL/LA SECRETARIO/A,
O/A SECRETARIO/A,

(sello del centro)
(selo do centro)

Fdo./Asdo.:.....

Fdo./Asdo.:.....

**PROMOCIÓN AL SEGUNDO CURSO
PROMOCIÓN AO SEGUNDO CURSO**

En la sesión de evaluación del grupo

de fecha

Na sesión de avaliación do grupo..... *de data*.....

se decidió la promoción de dicho alumno/a al segundo curso de Educación Secundaria Obligatoria.

decidiuse a promoción do dito alumno/a ao segundo curso da Educación Secundaria Obrigatoria.

....., de de

EL/LA TUTOR/A
O/A TITOR/A

(Sello del centro)
(Selo do centro)

Fdo./Asdo.:.....

EVALUACIÓN DE LAS ÁREAS DE PRIMER CURSO CON CALIFICACIÓN NEGATIVA
AVALIACIÓN DAS ÁREAS DO PRIMEIRO CURSO CON CUALIFICACIÓN NEGATIVA

ÁREAS	CALIFICACIONES / CUALIFICACIÓNS	
	Ordinaria	Extraordinaria

..... de de

Vº Bº EL/LA DIRECTOR/A,
Visto e prace O/A DIRECTOR/A,

EL/LA SECRETARIO/A,
O/A SECRETARIO/A,

(sello del centro)
(selo do centro)

Fdo./Asdo.:

Fdo./Asdo.:

RESULTADOS DE LA EVALUACIÓN
RESULTADOS DA AVALIACIÓN

SEGUNDO CURSO DE LA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA
SEGUNDO CURSO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

El alumno/a

O alumno/a

ha obtenido, en el segundo curso de la Educación Secundaria Obligatoria, los siguientes resultados:

obtivo, no segundo curso da Educación Secundaria Obrigatoria, os seguintes resultados:

ÁREAS	CALIFICACIONES / CUALIFICACIÓNS	
	Ordinaria	Extraordinaria
Ciencias de la naturaleza / <i>Ciencias da natureza</i>		
Ciencias sociales, geografía e historia / <i>Ciencias sociais, xeografía e historia</i>		
Educación física / <i>Educación física</i>		
Música / <i>Música</i>		
Lengua castellana y literatura / <i>Lingua castelá e literatura</i>		
Lengua gallega y literatura / <i>Lingua galega e literatura</i>		
Lengua extranjera / <i>Lingua estranxeira</i> -		
Matemáticas / <i>Matemáticas</i>		
Tecnología / <i>Tecnoloxía</i>		
Optativa:		
Religión / <i>Relixión</i>		

..... de de

Vº Bº EL/LA DIRECTOR/A,
Visto e prace O/A DIRECTOR/A,

EL/LA SECRETARIO/A,
O/A SECRETARIO/A,

(sello del centro)
(selo do centro)

Fdo./Asdo.:

Fdo./Asdo.:

EVALUACIÓN DE LAS ÁREAS DE SEGUNDO CURSO CON CALIFICACIÓN NEGATIVA
AVALIACIÓN DAS ÁREAS DO SEGUNDO CURSO CON CUALIFICACIÓN NEGATIVA

ÁREAS	CALIFICACIONES / CUALIFICACIÓNS	
	Ordinaria	Extraordinaria

..... de de

Vº Bº EL/LA DIRECTOR/A,
Visto e prace O/A DIRECTOR/A,

EL/LA SECRETARIO/A,
O/A SECRETARIO/A,

(sello del centro)
(selo do centro)

Fdo./Asdo.:.....

Fdo./Asdo.:.....

RESULTADOS DE LA EVALUACIÓN
RESULTADOS DA AVALIACIÓN

TERCER CURSO DE LA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA
TERCEIRO CURSO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

El alumno/a
O alumno/a.....
 ha obtenido, en el tercer curso de la Educación Secundaria Obligatoria, los siguientes resultados:
obtivo, no terceiro curso da Educación Secundaria Obligatoria, os seguintes resultados

ÁREAS	CALIFICACIONES / CUALIFICACIÓNS	
	Ordinaria	Extraordinaria
Biología y geología / <i>Bioloxía e xeoloxía</i>		
Física y química / <i>Física e química</i>		
Ciencias sociales, geografía e historia / <i>Ciencias sociais, xeografía e historia</i>		
Educación física / <i>Educación física</i>		
Educación plástica y visual / <i>Educación plástica e visual</i>		
Lengua castellana y literatura / <i>Lingua castelá e literatura</i>		
Lengua gallega y literatura / <i>Lingua galega e literatura</i>		
Lengua extranjera / <i>Lingua estranxeira</i> -		
Matemáticas / <i>Matemáticas</i>		
Música / <i>Música</i>		
Tecnología / <i>Tecnoloxía</i>		
Optativa:		
Religión / <i>Relixión</i>		

..... de de

Vº Bº EL/LA DIRECTOR/A,
Visto e prace O/A DIRECTOR/A,

EL/LA SECRETARIO/A,
O/A SECRETARIO/A,

(sello del centro)
(selo do centro)

Fdo./Asdo.:.....

Fdo./Asdo.:.....

EVALUACIÓN DE LAS ÁREAS DE TERCER CURSO CON CALIFICACIÓN NEGATIVA
AVALIACIÓN DAS ÁREAS DO TERCEIRO CURSO CON CUALIFICACIÓN NEGATIVA

ÁREAS	CALIFICACIONES / CUALIFICACIÓNS	
	Ordinaria	Extraordinaria

....., de de

Vº Bº EL/LA DIRECTOR/A,
Visto e prace O/A DIRECTOR/A,

EL/LA SECRETARIO/A,
O/A SECRETARIO/A,

(sello del centro)
(selo do centro)

Fdo./Asdo.:.....

Fdo./Asdo.:.....

RESULTADOS DE LA EVALUACIÓN
RESULTADOS DA AVALIACIÓN

CUARTO CURSO DE LA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA
CUARTO CURSO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

El alumno/a

O alumno/a.....

ha obtenido, en el tercer curso de la Educación Secundaria Obligatoria, los siguientes resultados:

obtivo, no terceiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria, os seguintes resultados:

ÁREAS	CALIFICACIONES / CUALIFICACIÓNS	
	Ordinaria	Extraordinaria
Biología y geología / <i>Bioloxía e xeoloxía</i>		
Física y química / <i>Física e química</i>		
Geografía e historia / <i>Xeografía e historia</i>		
Ética / <i>Ética</i>		
Educación física / <i>Educación física</i>		
Educación plástica y visual / <i>Educación plástica e visual</i>		
Lengua castellana y literatura / <i>Lingua castelá e literatura</i>		
Lengua gallega y literatura / <i>Lingua galega e literatura</i>		
Lengua extranjera / <i>Lingua estranxeira</i> -		
Matemáticas / <i>Matemáticas</i>		
Música / <i>Música</i>		
Tecnología / <i>Tecnoloxía</i>		
Optativa:		
Optativa:		
Religión / <i>Relixión</i>		

....., de de

Vº Bº EL/LA DIRECTOR/A,
Visto e prace O/A DIRECTOR/A,

EL/LA SECRETARIO/A,
O/A SECRETARIO/A,

(sello del centro)
(selo do centro)

Fdo./Asdo.:.....

Fdo./Asdo.:.....

**RESULTADOS DE LA EVALUACIÓN
RESULTADOS DA AVALIACIÓN**

**PRIMER AÑO DEL PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR
PRIMEIRO ANO DO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR**

El alumno/a
O alumno/a.....
ha obtenido, en el primer año del Programa de Diversificación Curricular, los siguientes resultados:
obtivo, no primeiro ano do Programa de Diversificación Curricular, os seguintes resultados:

ÁREAS	CALIFICACIONES / CUALIFICACIÓNS	
	Ordinaria	Extraordinaria
Área del ámbito científico / Área do ámbito científico (1)		
Área del ámbito lingüístico y social / Área do ámbito lingüístico e social (2)		
Área de lengua extranjera / Área de lingua estranxeira -		
Tecnología / Tecnoloxía		
Educación física / Educación física		
Educación plástica y visual / Educación plástica e visual		
Optativa:		
Religión / Relixión		

..... de de

Vº Bº EL/LA DIRECTOR/A,
Visto e prace O/A DIRECTOR/A,

EL/LA SECRETARIO/A,
O/A SECRETARIO/A,

(sello del centro)
(selo do centro)

Fdo./Asdo:.....

Fdo./Asdo:.....

(1) Áreas de referencia: bioloxía e xeoloxía, física e química, matemáticas.

(2) Áreas de referencia: ciencias sociais, xeografía e historia, lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura.

**EVALUACIÓN DE LAS ÁREAS DEL PRIMER AÑO DEL PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR CON CALIFICACIÓN NEGATIVA
AVALIACIÓN DAS ÁREAS DO PRIMEIRO ANO DO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR CON CUALIFICACIÓN NEGATIVA**

ÁREAS	CALIFICACIONES / CUALIFICACIÓNS	
	Ordinaria	Extraordinaria

..... de de

Vº Bº EL/LA DIRECTOR/A,
Visto e prace O/A DIRECTOR/A,

EL/LA SECRETARIO/A,
O/A SECRETARIO/A,

(sello del centro)
(selo do centro)

Fdo./Asdo:.....

Fdo./Asdo:.....

**RESULTADOS DE LA EVALUACIÓN
RESULTADOS DA AVALIACIÓN**

**SEGUNDO AÑO DEL PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR
SEGUNDO ANO DO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR**

El alumno/a
O alumno/a.....
ha obtenido, en el segundo año del Programa de Diversificación Curricular, los siguientes resultados:
obtivo, no segundo ano do Programa de Diversificación Curricular, os seguintes resultados:

ÁREAS	CALIFICACIONES / CUALIFICACIÓNS	
	Ordinaria	Extraordinaria
Área del ámbito científico / Área do ámbito científico (1)		
Área del ámbito lingüístico y social / Área do ámbito lingüístico e social (2)		
Área de lengua extranjera / Área de lingua estranxeira -		
Tecnología / Tecnoloxía		
Educación física / Educación física		
Música / Música		
Optativa:		
Religión / Relixión		

..... de de

Vº Bº EL/LA DIRECTOR/A,
Visto e prace O/A DIRECTOR/A,

EL/LA SECRETARIO/A,
O/A SECRETARIO/A,

(sello del centro)
(selo do centro)

Fdo./Asdo:.....

Fdo./Asdo:.....

- (1) Áreas de referencia: bioloxía e xeoloxía, física e química, matemáticas.
- (2) Áreas de referencia: xeografía e historia, ética, lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura.

**RESULTADOS DE LA EVALUACIÓN
RESULTADOS DA AVALIACIÓN**

**PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR DE UN AÑO
PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR DUN ANO**

El alumno/a
O alumno/a.....
ha obtenido, en el Programa de Diversificación Curricular de un año, los siguientes resultados:
obtivo, no Programa de Diversificación Curricular dun ano, os seguintes resultados:

ÁREAS	CALIFICACIONES / CUALIFICACIÓNS	
	Ordinaria	Extraordinaria
Área del ámbito científico / Área do ámbito científico (1)		
Área del ámbito lingüístico y social / Área do ámbito lingüístico e social (2)		
Área de lengua extranjera / Área de lingua estranxeira -		
.....		
.....		
.....		
Optativa:		
Religión / Relixión		

..... de de

Vº Bº EL/LA DIRECTOR/A,
Visto e prace O/A DIRECTOR/A,

EL/LA SECRETARIO/A,
O/A SECRETARIO/A,

(sello del centro)
(selo do centro)

Fdo./Asdo:.....

Fdo./Asdo:.....

- (1) Áreas de referencia:
- (2) Áreas de referencia: xeografía e historia, ética, lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA
 ACREDITACIÓN DE LA EVALUACIÓN
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
 ACREDITACIÓN DA AVALIACIÓN

Don/Doña como secretario/a
 Don/Dona..... como secretario/a

del Instituto de Educación Secundaria
 do Instituto de Educación Secundaria.....

CERTIFICO que el alumno/a
 CERTIFICO que o alumno/a.....

cuyo expediente académico figura en esta secretaría, ha obtenido en las distintas áreas y materias las
 cuxo expediente académico figura nesta secretaria, obtivo nas distintas áreas e materias as
 calificaciones siguientes:
 cualificación seguintes:

ÁREAS	Primer curso <i>Primeiro curso</i>	Segundo curso <i>Segundo curso</i>	Tercer curso <i>Terceiro curso</i>	Cuarto curso <i>Cuarto curso</i>
Ciencias de la naturaleza / <i>Ciencias da natureza</i>				
Biología y geología / <i>Bioloxía e xeoloxía</i>				
Física y química / <i>Física e química</i>				
Ciencias sociales, geografía e historia / <i>Ciencias sociais, xeografía e historia</i>				
Geografía e historia / <i>Xeografía e historia</i>				
Ética / <i>Ética</i>				
Educación física / <i>Educación física</i>				
Educación plástica y visual / <i>Educación plástica e visual</i>				
Lengua castellana y literatura / <i>Lingua castelá e literatura</i>				
Lengua gallega y literatura / <i>Lingua galega e literatura</i>				
Lengua extranjera / <i>Lingua estranxeira</i>				
Matemáticas / <i>Matemáticas</i>				
Música / <i>Música</i>				
Tecnología / <i>Tecnoloxía</i>				
Optativa				
Optativa				
Religión / <i>Relixión</i>				

Igualmente certifico que el alumno/a ha estado escolarizado en la Educación Secundaria Obligatoria, entre los cursos académicos
 Igualmente certifico que o alumno/a estivo escolarizado na Educación Secundaria Obrigatoria, entre os cursos académicos
 de e.....

..... de de
 Vº Bº EL/LA DIRECTOR/A, EL/LA SECRETARIO/A,
 Visto e prace O/A DIRECTOR/A, O/A SECRETARIO/A,

(sello del centro)
 (selo do centro)

Fdo./Asdo:.....

Fdo./Asdo:.....

Orde do 16 de maio de 2005 pola que se conceden axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, que participen en estadias en empresas de ámbito transnacional (cofinanciadas polo Fondo Social Europeo).

Por orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 16 de decembro de 2004, convocáronse axudas para alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, que participen en estadias en empresas de ámbito transnacional (cofinanciadas polo Fondo Social Europeo).

Vista a proposta da comisión de selección prevista no punto noveno da citada orde,

RESOLVO:

Primeiro.-Conceder con cargo ao concepto orzamentario 07.04.322S.481.0, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, as axudas que se relacionan no anexo I, correspondentes ao primeiro prazo da convocatoria para 2005, por un importe total de 174.007 euros.

Segundo.-Recoller no anexo II as axudas denegadas.

Tercero.-De acordo co punto décimo primeiro da orde de convocatoria as axudas serán aboadas da seguinte forma:

Para as axudas que non superen o importe de 6.000 euros, poderá aboarse un anticipo de pagamento de ata un 80%, logo da aceptación da subvención. O 20% restante librarase unha vez finalizada a acti-